

# **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS DE AUTO-TAXI E DEMAIS VEHICULOS DE ALUGUER.**



## **Artigo 1º.- Fundamento e natureza.**

No uso das facultades que conceden os artigos 133.2 e 142 da Constitución e o artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co que dispoñen os arts. 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "Taxa por licencia de autotaxis e demais vehículos de aluguer", que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó que prevé no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

## **Artigo 2º.- Feito Impoñible.**

Constitúe o feito imponible desta Taxa a presentación e a realización das actividades que, en relación coas licencias de autotaxis e demais vehículos de aluguer a que se refire o Regulamento que se aprobou polo Real Decreto 763/1979, do 16 de marzo, que se sinalan a continuación:

- a) Concesión e expedición de licencias.
- b) Autorización para transmisión de licencias cando proceda o seu outorgamento, con arranxo á lexislación vixente.
- c) Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licencias, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.
- d) Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia a parte.

e) Dilixenciamento dos libros de rexistro das empresas de servicios de transportes que se regulan en dito Regulamento.

f) Uso e explotación de licencias e autorizacións.

### **Artigo 3º.- Suxeito Pasivo.**

Están obrigados o pagamento da taxa, en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades, a que se refire o art. 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

1.- A persoa ou entidade a quen se outorgue a concesión e expedición da licencia, ou a quen se autorice a transmisión da mesma.

2.- O titular da licencia o que substitúa ou revise o vehículo, sendo a revisión tanto ordinaria como extraordinaria, e/ou que dilixencie o libro de rexistro.

### **Artigo 4º.- Responsable.**

1.- Responderán con solidariedade das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala os art. 40 da Lei Xeral Tributaria.

## Artigo 5º.- Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segun a natureza do servico ou actividade de acordo coa seguinte Tarifa:

| CONCEPTOS   | IMPORTE/PESETAS |
|---|-----------------|
| A).- Concesión, expedición e rexistro de licencias.<br><ul style="list-style-type: none"><li>• Por cada licencia:<ol style="list-style-type: none"><li>1.- Da clase A:</li><li>2.- Da clase B:</li><li>3.- Da clase C:</li><li>4.- Ambulancias:</li></ol></li></ul> | 55. 450 PTAS    |
| B).- Uso e explotación de licencias.<br><br>Por cada licencia: <ol style="list-style-type: none"><li>1.- Da clase A:</li><li>2.- Da clase B:</li><li>3.- Da clase C:</li><li>4.- Ambulancias:</li></ol>   | 5. 545 PTAS     |
| C).- Substitución de vehículos:<br><br>Por cada licencia: <ol style="list-style-type: none"><li>1.- Da clase A:</li><li>2.- Da clase B:</li><li>3.- Da clase C:</li></ol>   | 1. 109 PTAS     |

|                                 |              |
|---------------------------------|--------------|
| 4.- Ambulancias:                |              |
| D).- Transferencia de licencia. | 110.900 PTAS |
| 1.- Por herdanza:               |              |
| 2.- Por venda:                  |              |

### **Artigo 6º.- Exencións e bonificacións.**

Non se concederá exención ou bonificacións algunha no pagamento da Taxa.

### **Artigo 7º.- Obriga do pagamento.**

1.- A obriga do pagamento da taxa que regula esta ordenanza, nace nos casos sinalados nas letras a), b), c) do artigo 2º, na data que este Concello conceda e expida a correspondente licencia ou atorce a súa transmisión ou a substitución do vehículo.

2.- Cando se trate da prestación dos servicios de vehículos e de delixenciamientos de libros de

registro, estará obrigado o pagamento da taxa no momento no que se inicie aquela prestación, entendendo, a estos efectos, que dita iniciación se produza coa solicitude dos mesmos.

### **Artigo 8º.- Declaración de ingreso.**

1.- A relación das actividades e a prestación dos servicios suxeitos a esta Taxa se levarán a cabo a instancia de parte.

2.- Tódalas cotas serán obxecto de liquidación para ingreso directo, unha vez que se concedan as licencias ou autorizacións de que se trate e unha vez que se realicen os servizos solicitados, procedendo os contribuíntes o seu pagamento establecido polo Regulamento Xeral de Recadación.

### **Artigo 9º.- Infraccións e sancións.**

En todo o relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estaráse ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

### **DISPOSICION DERRADEIRA**

O texto da presente ordenanza fiscal substitúe e derroga ó da anterior que aprobou o Pleno en sesión de data 25.11.1999 e entrará en vigor e será de aplicación ó día seguinte da súa publicación íntegra no BOP , permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

O alcalde,

O secretario,

DILIXENCIA:

Para facer constar que o texto da presente Ordenanza publicouse íntegramente no B.O.P. núm. 55 con data do 8 de marzo do

2000.

O secretario